


**Alfonso Láuzara Martínez** (Vigo, 1971)

Estudou Dereito na Universidade de Santiago de Compostela. Escribe poesía e contos. Forma parte do colectivo poético galego "A Porta Verde do Sétimo Andar", no que participou na publicación de dous libros colectivos de poesía: "*A porta verde do sétimo andar*" e "*Sétimo andar, poesía alén*". Ten publicado contos e poesía en varias revistas e libros colectivos: *Estación Central*, *Os Viaductos*, *As voces do pan*, *Atenea*, *Madrygal*… A súa obra tamén está moi presente no medio dixital. Participa ademais nos *Filo-cafés* en Galiza e norte de Portugal, colabora coa asociación portuguesa Extrapolar, e tamén con frecuencia en recitais e todo tipo de actos culturais.

## OURO NEGRO

Chove por fóra, choro por dentro
ollos que foron azuis de ozono
ceos que agora son de cemento
grises, bágoas coma pedras
terróns de salxemas
no café deste tempo.

Homes que pasan no tempo detido
pola rúa tomada de rostros alleos,
choutan os pasos, distintos
todos quedan sen dono
no chan que recolle bágoas do ceo,
segue chovendo ácido diñeiro
pasa un felpudo pingando
que é un cadelo asustado
tamén sen alma nin dono
e segue chovendo.

Ensimesmado deixo cae-la testa
na fonda escuridade do meu café
e vexo o arrepiante pozo negro
do Terceiro Mundo preto,
ouro negro para o G-7
(Rusia sería o oitavo pasaxeiro)
ouro negro para a canalla
unión europea e norteamericana.
Ouro negro.  Maldito ouro negro.
Todos  témo-lo nos beizos.

**DÍA MARRÓN**

**M**arronea óleo oeste
**I**sobara mar rodea
**O**llo meniña ollo negro
**L**uxación continental doenza
**O**llo morte Galiza borrasca
Mapamundi frío roto en pezas
Ovo fritido golfo ferve
Porta escura ollo fiestra
Ollo terra ollo mar rodea
Horizonte piche litoral occidente
Sen sol gasóleo sol oeste
Mar de ron hoxe en día marrón.

## AMANTE PRESO

Tanta ilusión pisoteada...
é difícil acender o sol cada mañá.
Cada pequeno esforzo sufocado,
cada coitado agromar non será fraga
cando no lugar da esperanza resulta doado incendiar.
O amante preso quixera erguer da cama.
No chan un rompente de escume embotellado.
Na fiestra tapiada con zapatos vellos, un cartaz:
*zona verde, non pisar*

**SENTENCIA**

Encolliches,
es un monstriño tenro
que dá voltas nesta hora
no remuíño maino do meu café,
nese raro xirar de zurdo redireccionado.
Afogarás
terás unha morte doce,
no fundo agarda ese lodo,
un pouso derretido de azucre moreno.

## SALVACIÓN E XUSTIZA

Eis a cuestión. *Ten que ser*!
Procurar a salvación nas ideas ben levadas
con sentimento lume arterial arde avante.
Procurarmos xustiza nese horizonte vermello
onde escachan en cada solpor mil amenceres.
Nunca xuíz oh deus! Sempre parte
sen antídotos dos templos contra a miña infelicidade.
O horizonte seduce coa promesa arrubiada,
sen garantía, que o máis veloz tampouco alcanza.
Sálvese quen poida! e nin deus se salva.
E o peito inzado latexa coraxe e reclama sangue
e reclama e proclama o dereito a salvarme
de ti e de quen queira salvarme. Detente!
A túa xustiza ten fendas de intereses interesantes
e non sae de balde, non! chuza sangue.
Eu sei. A miña cabeza é un artefacto en silencio
que ti meu salvador manipular non sabes.
E ti sabes. A xustiza eterna dura un intre,
e nese intre podes xa para sempre salvarte.
Ou salvarte sen xustiza. Para que queres salvarte?
Vaite cara ese horizonte sempre, aínda que non alcances!
Eis a cuestión, meu amor. Ten que ser!

## AQUELA NOITE

Aquela noite fría   en Compostela
de paseo antigo ebriagado e bohemio
en que lle deu por tender o corpo como un lenzo
pousado   en pleno centro da entrañábel praza
do Obradoiro de poesía e soños
tan só para contemplar ante si a inmensidade
dende o corpo de elegancia rendida
proxectada con soberbia cara o ceo estrelecido.
A xeada sempre escolle as costas para entrar no corpo.
Unha figura maxestosa de contornos
como unha fermosa ondulación da pedra,
en harmonía co ancestral cosmos que procura,
negra sombra que do seu asombro se asombra
para deixar na lúa a pegada dun soño.
Era todo desexo fatal incontíbel en garda en espera
Todo era tentación doce a caer en decadencia
e deixarse caer xa sen remilgos sobre un corpo ben acaído
tan suavemente, como orballo na madrugada, esa fera
e depositar aquel bico delicado nos perfilados beizos,
procurar con ansia o cosmos cara a cara
e remexer estrelas coa lingua ebriagada de lus
para a posteridade.
A tentación alí estaba na praza.
Sen dúbida,
a imaxinación no luar desatada.
Era un intre de pedra xeada. El suaba a fío.
Aquela noite fría, Compostela      era un bico na lembranza.
Afroxou o nudo da garabata, mais xa era tarde.
O dandi penduraba enforcado no devalo.

- **Alfonso Láuzara** –